



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Allegue Agüete, Pilar
Álvarez Rodríguez, Pablo
Barreiro Blas, Antonio
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Gil Villanueva, José M^a.
González Crespán, Araceli
González Pillado, Esther M^a.
Montero Muñoz, María
Vaquero Díaz, M^a Beatriz

DESCULPA ASISTENCIA

Varela Martínez, Iago

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 6 de abril de dous mil dez ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda.

O martes, día **6 de abril de 2010**, ás 13:00 horas, na Sala de Xuntas da Xerencia, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 4 de marzo de 2010 e das extraordinarias do 12 e 23 de marzo de 2010.
2. Aprobación, se procede, da corrección de erros no Cadro Membros por Departamento.
3. Aprobación, se procede, da corrección de erros do art. 25 do procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario e do art. 21 do procedemento para a elección do Reitor/a.
4. Resolución das reclamacións aos censos provisionais das eleccións a Reitor/a, Claustro e, no seu caso, representantes de alumnos/as nos consellos de departamento.
5. Aprobación, se procede, de censos definitivos.
6. Número de claustrais por sector que corresponden en cada circunscrición.
7. Elaboración modelo normalizado candidatura Claustro.
8. Sorteo da letra pola que deberá comezar a relación de candidatos/as nas papeletas electorais.
9. Sorteo dos membros do PAS que deberán estar na mesa electoral da Reitoría para as eleccións a Reitor/a e representantes do Claustro.
10. Asuntos varios.
11. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 4 de marzo de 2010 e das extraordinarias do 12 e 23 de marzo de 2010.

A Prof^a González Crespán solicita que conste na acta de 12 de marzo que desculpou a súa asistencia. Con esa excepción, apróbanse as actas por asentimento.

Punto 2. Aprobación, se procede, da corrección de erros no Cadro Membros por Departamento.

Sinala a presidenta da Comisión que se detectou un erro á hora de contabilizar os membros natos nalgúns departamentos. A proposta que se acompaña corrixe esta situación.

Sinala a Prof^{ta} González Crespán que no Departamento X09 hai un erro no PDI TC no que deben figurar a lo menos dúas profesoras titulares de Escola Universitaria. Delégase na presidencia e a secretaria a comprobación desta información e, no seu caso, a corrección deste erro.

Apróbase por asentimento o Cadro Membros por Departamento que figura no **anexo I**.

Punto 3. Aprobación, se procede, da corrección de erros do art. 25 do procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario e do art. 21 do procedemento para a elección do Reitor/a.

Sinala a secretaria xeral que se detectou un erro no procedemento debido a que a Xunta Electoral do centro non pode expedir as credenciais dos interventores, senón que é a Comisión Electoral, por ese motivo se modifican os artigos 25 do procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario e o 21 do procedemento para a elección do Reitor/a, eliminando a referencia á Xunta Electoral

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Resolución das reclamacións aos censos provisionais das eleccións a Reitor/a, Claustro e, no seu caso, representantes de alumnos/as nos consellos de departamento.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen inicia a súa exposición polas reclamacións presentadas aos censos provisionais das eleccións a representantes de Claustro e Reitor. Na documentación entregada aos membros da Comisión Electoral hai que diferenciar entre as reclamacións presentadas individualmente polos interesados e as correccións feitas pola propia Comisión de oficio.

De tódalas reclamación presentadas individualmente teñen sido rexeitadas só dúas en canto son dous estudantes de máster cunha beca de máster que queren ser incluídos no censo de Outro persoal docente e investigador onde só se inclúen os bolseiros de FPI/FPU ou asimilados.

O resto das reclamacións individuais teñen sido admitidas, moitas delas refírense a profesores con vinculación permanente que acadaron o título de doutor, que estaban no sector B e que agora pasan a sector A; e a maioría refírense a estudantes que están adscritos en dous sectores e que estarán no censo polo que optaron ou que estaban nun centro de adscrición e solicitan a súa inclusión noutro centro de adscrición.

En canto as corrección de oficio, na súa gran maioría son situacións postas de manifesto polas xuntas electorais dos departamentos de persoas que figuran en dous censos distintos e que se corríxen de acordo co previsto no regulamento.

En canto ao censo para as eleccións de representantes de alumnos nos consellos de departamento, trátase en todo caso de correccións do censo realizadas de oficio porque a competencia para resolver as reclamación a este censo non a ten esta comisión senón a Xunta Electoral do departamento. A maioría destas correccións refírense a situacións en que determinadas persoas aparecen en dous censos.

Apróbanse por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, de censos definitivos.

Apróbanse por asentimento os censos definitivos cos cambios motivados pola resolución das reclamacións aos censos.

Punto 6. Número de claustrais por sector que corresponden en cada circunscrición.

Expón a Presidenta da Comisión o contido concreto do cadro no que se consta o número de claustrais por sector e circunscrición, que se recolle no **anexo II**.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Elaboración modelo normalizado candidatura a Claustro.

A presidenta da Comisión presenta aos membros da Comisión os modelos de candidatura empregados fai catro anos para a súa aprobación.

Apróbase por asentimento os modelos que se recollen no **anexo III**.

Punto 8. Sorteio da letra pola que deberá comezar a relación de candidatos/as nas papeletas electorais.

Procédese ao sorteio da letra, sendo a resultante a letra: D.

Punto 9. Sorteio dos membros do PAS que deberán estar na mesa electoral da Reitoría para as eleccións a Reitor/a e representantes do Claustro.

Procédese ao sorteio dos membros do PAS que deberán estar na mesa electoral da Reitoría para as elección a reitor/a e representantes de Claustro. Sae a letra B e despois a U. Polo tanto, BU.

Punto 10. Asuntos varios.

Presenta a presidenta da Comisión a cartelería que se vai poñer en circulación con motivo da campaña institucional destinada a informar sobre o procedemento electoral que se ten iniciado, incidindo na paridade en canto novidade nestas eleccións.

En canto ás papeletas, infórmase pola presidenta da necesidade de que o formato da papeleta sexa un A4 debido aos datos que é necesario incorporar na mesma con motivo da normativa de paridade.

Se informa sobre a circular remitida ás direccións e decanatos dos centros coas instrucións relativas ao proceso electoral.

Informa a presidenta da Comisión de dúas reclamacións presentadas por actuacións realizados dentro do proceso electoral e que se considera que non están axustadas á normativa electoral.

O primeiro deles foi presentado por unha profesora desta universidade, e tamén dirixido á prensa, no que se fai referencia á convocatoria feita polo vicerreitor do campus de Pontevedra aos delegados de alumnos dese campus para reunirse co candidato Salustiano Mato. Recibida a reclamación, pediuse ao vicerreitor que informase sobre estes feitos e se traerá á próxima Comisión toda a documentación para decidir sobre o tema.

A segunda cuestión fai referencia a unha serie de queixas verbais que se teñen recibido e que aluden á utilización de carteis por parte do candidato de Nova Universidade, Jaime Cabeza, que están situados no taboleiro de anuncios da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación e que poderían entenderse como de propaganda electoral.

Por último, a presidenta da Comisión alude tamén á convocatoria dun debate entre os candidatos que se ten previsto para o día 16 de abril, feito coñecido por todos debido á publicidade que se fixo de mesmo a través do correo electrónico.

O problema en relación a estas actuacións céntrase en que neste momento está iniciado o proceso electoral pero aínda non se ten aberta a campaña electoral que se iniciará o día 5 de maio de acordo co calendario aprobado por esta Comisión.

A este respecto, a secretaria da Comisión lee o artigo 53 da Lei Electoral Xeral:

“No puede difundirse propaganda electoral ni realizarse acto alguno de Campaña Electoral una vez que ésta haya legalmente terminado ni tampoco durante el período comprendido entre la convocatoria de las elecciones y la iniciación legal de la campaña. La prohibición referida a este último período no incluye las actividades habitualmente realizadas por los partidos, coaliciones y federaciones en el ejercicio de sus funciones constitucionalmente reconocidas, y en particular, en el artículo 20 de la Constitución.”

Os membros da Comisión debaten sobre este tema e finalmente acordan facer o seguinte comunicado xenérico dirixido a toda a comunidade universitaria:

A Comisión Electoral reunida o día 6 de abril de 2010 lembra á comunidade universitaria a necesidade de dar cumprimento ao establecido no art. 53 da Lei Electoral Xeral, que sinala o seguinte:

“No puede difundirse propaganda electoral ni realizarse acto alguno de Campaña Electoral una vez que ésta haya legalmente terminado ni tampoco durante el período comprendido entre la convocatoria de las elecciones y la iniciación legal de la campaña. La prohibición referida a este último período no incluye las actividades habitualmente realizadas por los partidos, coaliciones y federaciones en el ejercicio de sus funciones constitucionalmente reconocidas, y en particular, en el artículo 20 de la Constitución”.

Dende a Comisión Electoral, se prega a máxima colaboración a todos os membros da comunidade universitaria para que o proceso electoral que está en marcha se poda desenvolver nas mellores condicións de transparencia e normalidade.

Acórdase a maiores que a presidenta ou a secretaria se poñan en contacto telefónico co Prof. Cabeza para que retire os carteis dos que se fai mención.

En relación á procedencia do debate entre os candidatos, débatese sobre a cuestión entre os membros da comisión. Decídese que o comunicado xenérico é suficiente para recordar aos candidatos os límites existentes neste momento previo ao inicio da campaña electoral.


Punto 11. Rogos e preguntas.

O Sr. Fernández solicita que se recorde a todos os membros das mesas, con antelación á súa participación nas mesmas, que teñen dereito a un descanso máis adiante.

Acórdase que a próxima reunión da Comisión Electoral sexa o día 22 de abril.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:15 horas do día 6 de abril de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral



María Montero Muñoz

A secretaria da Comisión Electoral



Esther Mª González Pillado